

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 16 de febreiro de 2023, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 6 de outubro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 152.620,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo,



na partida orzamentaria 1539.619.00.11 (Vigo Vertical, 2º actuación de Vigo_Aragón), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	45.861,10 €
2023	833.521,25 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN "PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT". EXPTE. 954/441. O mesmo foi asinado dixitalmente por ambas institucións en datas 22 e 25 de outubro de 2021.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.817,49%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1326-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,14
2	UTE CIVISGLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L.	92,23
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,00



Copia do documento - Concello de Vigo
1326-441

Data impresión: 27/02/2024 11:57

Páxina 2 de 4

CSV: A5A84F-B18E54-D9283C-6KB9K1-1GZC7P-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B36746584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 30 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 9 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 11:57	Páxina 3 de 4
1326-441	CSV: A5A84F-B18E54-D9283C-6KB9K1-1GZC7P-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

mediante fórmula, de datas 13 e 16 de xaneiro e 24 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441) por un importe total de 870.588,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 151.093,88 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun "Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat".

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 11:57	Páxina 4 de 4
1326-441	CSV: A5A84F-B18E54-D9283C-6KB9K1-1GZC7P-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>